



1916

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

Número III

= Redacción =

e administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

A CRUÑA

5 DECEMBRE

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

○ POETA FALA EN PROSA

NAZONALISMO OU SOBERANIA REXIONAL

Por Ramón Cabanillas

Cando se fala de *eso do rexionalismo*, hay unha verba que ten a virtú dos foguetes: estoupa.

O estalo, cando colle de súpeto, pon un pouquerreño de medo.

Esa verba, tamén: ós que a collen polo rabo, ós que non a entenden, trafúlcaos.

Y esa verba, unha das cumes d'este preito, que trai revoltos, co-as mans na chola, armando un rubumbio de mil demos, ós barulleiros tocadores do pandeiro patriótico, —moitos d-eles xornaleiros de compañías extranxeiras,— que se escoan nos asentos do Rueiro dos Diputados como si estiveran deitados nos triclinios do pazo de Lúculo; esa verba toda sentimento e redención que non pode atopar achego ni-acomodo nos seus corazóns de grau de millo; esa verba alumeante que magoa os seus ollos de toupeira, é a palabra "nacionalismo".

"¡Nazonalismo!" "¡Soberanía rexional!" ¡Eiqui do envolverse na bandeira! ¡Eiqui do chamar a berros por Doña Sabela a Católica! ¡Eiqui do ¡blasfemavi! farisaico! ¡Eiqui do soltar barballoadas a estilo e xeito de Rodríguez Viguri no espiche dos Xogos de Pontevedra! Nunca tan espiche e nunca tan cousa de xogo, anque teñamos que poñerlle en conta a orde de Besada, ó pasalo tron...

Y-eso ten que ser, mal que lles pese: soberanía rexional ou nazonalismo; que a cousa é a mesma, digan o que queiran eses abogadiños, nados en Bizancio pol-as trazas, que non sayen das súas disputas académicas nin cando ven que xa a chouza está ardeando.

Soberanía rexional porque soyo unha soberanía rexional pode crebar esa cadea que saí do Ministerio da Gobernación e de xefe

político en xefe político é de alcalde en alcalde vai agrilloando vilas y-aldeas; esa cadea que, como dixó un dos homes mais grandes do sigro dezanove, o cen veces ilustre Pi y Margall, tronará, ó crebarse, a cabeza da besta apocalíptica, do caciquismo ruín que nos atormenta, que nos asoballa, que nos roi e que nos abafa.

Unha soberanía que consinta frorecer a nosa Fala, esta fala fontíña de ágoa crara que rega os agros do linguaxe de vintaunha repúblicas; esta fala canteira d-entrañas alumeantes, sempre aberta, de onde un día y-outro día arrinca a lingua de Castela esas pedras brilladoras, esas verbas de milagre, con que se adreza e se viste de gala e se remeza, y-á que ten que adourar de xoanllos, si no-é descastada, pois, si d-ela arrenegase, arrenegaría de súa nai.

Unha soberanía que nos traya, co-a descentralización administrativa, dereito e forza pra asentalo concexos sobre da pedra firme da municipalización dos servicios públicos; pra faguer veredas e trens e camiños; pra pobrar montes é ríos, atallando a roubacha dos bens do común; pra guindar co-esas leises sobre da propiedade, feitas con esquencimento criminal dos nosos eidos e das nosas costumes, orixe noxento d-este trapalleiro tecer e destecer de reás ordes, regramentos e sentencias; pra erguel-as vellas industrias, prantar as que nós fan falla y-abrir y-afondar n-esta nosa terra que garda no seu seo, c-o agarimo y-o amor d-unha nai aforradora, tesouros abondo pra facelas nosas chouzas homildes, como oxe, pro limpas, sans e ridoras; e pra elexir, ó noso xeito, libre e leyalmente, sin que n-elo poñan as mans marrulleiras os Ministros de Madri ni-a Caciquía tolledora, personeiros

y-apoderados da forteza moral y-os valentes arranques de Pedro Padrón.

Unha soberanía que nos deya fío e tempo pra darlle remate comprido ó entrampallado preito dos foros, acabando, d-unha vez pra sempre, co-eses prorrates, pais dos maores ladroizos, que foron unha vergonza no sigro dezanove e son, no sigro vinte, unha vergonza y-un crime; pra pasalo arado por riba d-esas Diputaciós provinciais, cobas de... "prevaricadores"—¡ou, San Urzaiz!—; pra atoparlle remedeo á vella e fonda ferida da emigración que con tanta necesidá está pedindo unha medicina milagreira; e pra, atallando a sangue que corre a borbotós, poñel-as mans n-esas dúas lacras, tan maxistralmente postas o descuberto pol-o mestre adourado, Rodrigo Sanz: arrendamento de terras y-amanse de valdios.

E pois esto é o comenzo da ristra de aspiraciós e de queixas, ¿non traballaremos con fé viva? ¿no-hay abondo pra arrincarnos o corazón do peito e poñelo sobre do altar da nosa Terra?

Cambados.

FEITOS E COUSAS

POLO MÉDICO D'O POBO

A sorte do médico Alegre intresou e intresa ainda a Galicia inteira; mais nos días derradeiros a campaña en favore da súa liberdade, fixose tan intensa, sintese tan degoiradora como s'o feito tivese eiqui, nos nosos eidos, o seu escenario.

Ista autitude é ben merecente de sere coñecida de todol-os hespañoles que nos coñecen ó marxe da vida ibérica; e ainda mais d'aqueles bos galegos que levan un cadaleito no corazón e a yalma feita anacos.

Un pobo que chora y-asenlla manciña pr'os males alleos, practica a mais outa das virtudes, faise dino de si mesmo, qu'è a verda directa da súa liberación.

Nos sabemol-o ben: a vida y-a liberdade d'un home honrado, val mais que total-as existencias xuntas dos labercos da política,

CADRO BRANCO

«...Contén con nos, «Os Amigos da Fala», en canto lles poidamos axudar á restaurazón da y-alma colectiva gallega que s'encerra no seu ademirabre idioma que todos adeprendimos nos versos de Rosalía Castro.

FRANCISCO CAMBÓ.»

Fálame n'esa lingua melosiña
que celestiales armonías ten;
fálame no languaxe da terriña
s'e que me queres ven...

V. LAMAS CARVALLAL.

gavillantes de facendas, ladrós do honore e das concencias.

Matare a un home non é un crime sempre. Subrimouse ó soldado que mata e morre defendendo á súa patria, á súa matria, á súa familia y-ó seu fogare; escúlpase e perdónase ó que mata por conservare a súa existencia que perigra didiante da man d'un criminal; no nome sacro da xusticia, mata o verdugo.

Matare, quer pode sere unha parola ategada de vinga e salvaxismo, ben un verbo cheo de valore civico, acugulado de virtude cidadana.

O médico d'O Pobo non é un criminal calquera. N-unha nazón onde o caciquismo mais desenfreado ten cravada de cote a súa punta sanguineta nos froitos do traballo honrado, y-a afunde a familia na fame e na vergonza, sin migalla de pudore nin rafa de remorso, á decisión afouta d'aquel probe médico, ten atenuantes exemprares.

A protesta dos galegos ten, pois, de rubir as turmas do podere por riba da de toda Hespaña.

Nosoutros mais que ninguén conecemos e vivimos a eterna traxedia d'O Pobo, que gravea a cotio sobre dos nosos eidos, preñada de mouras xenreiras, n'espera d'unhos peitos rexos e varudos que troquen de pescozo as argolas.

A fidalguía galega ten de sere sabida nas chanzadas de Castela. Ela diralle coma eiqui cobizamos que Hespaña toda nos oya tamén, e nos respete.

D'hoxe en diante, a voz da vella e honrada Suevia—mais aldraxada canto mais fidalga—hase d'erguere sempre para qu'a xusticia se cumpra.

Pois sintimos fondonísicamente a dor das nosas mágoas, axudemos a cural-as dos mais.

O amore ridime. E hai que sementare amore pra recollere agarimos.

D'O Pobo vennos unha leición porveitosa. No meu peito galego non añiñan os istintos criminales; denantes teño unha fe cega na misión ergueita do Enseño e da Educación. Quero vere a miña terra, próme da cultura e do ben, camiño da súa espellante liberdade.

Mais, primeiro qu'un pobo de malpocados, xunguidos á tiranía sin pan nin dereito, desexo—s'a razón os aluma—vel-os cumpridores da xusticia horfa.

Certos problemas achaense somentes con pulso firme, a ollada serea e moito corazón.

Compostela

VICTORIANO TAIBO.

BANDEIRA Y-ARMA

A BROSA DE TRES FIOS

“Como eu digo sempre a verdade, teño que decila oxe, da que l'les doya a algú, y-atacare ó caciquismo da benefaição que capa a vontade dos pobos. Os benfeitores das cibdades deberiamos chamarlles, en xusticia, malfeitores da dinidá popular.

Os únecos benfeitores, os verdadeiros, os ademirabres, non vos son isos que donan pedras, rúas y-edificios, senon os que forxan vontades, os que fan cidadanía, os que dan intelixencia y-enderreitan os pobos. Os outros, e'os seus beneficos e favores, non fan senon emputañar a dinidá.”

Esto dixo, fai pouco, o señor Casares Quiroga, un dos primeiros e dos mais cultos oradores da nosa terra; un dos mozos de maor valimento e de freha mais aristócrata no sentido da intelectualidade, que poidéramos sinalar na xeneración qu'agora loita. Y-esto é o Evanxelio. Como si dixéramos, a pedra fundamental na que temos qu'apoyare total-as nosas porpagandas. Falou un día D'Annunzio da brosa de tres fios, refríndose á raza latina. Pois o noso idearium tamén ten que sere unha brosa de tres fios, ou empregando o simile de Curros, unha frecha triangular. Y-eses fios, esas caras do triángulo, corresponden á lingua, os problemas económicos y-o antibeneficcionismo. O emprego da lingua, irá vertebrando pouco a pouco as arelas galleguistas n'unha forte conciencia colectiva, até chegare o desprazamento *automático* do cuneirismo. O estudio dos nosos problemas económicos, alumeará os hourizontes do porvir rexional, facendo ver crara a comenencia de nacionalizare as nosas cousas. O material y-o espiritual afundíndose n'unha sola liña. E pol-o derradeiro, o antibeneficcionismo, poñeranos en condicións d'espertare a cidadanía nos peitos de todos, xenerando a forza de vontade qu'oxe nos falla.

Os pobos gallegos fan ídolos d'aqueles políticos que poden escamotear os cartos da nazón, pol-a súa influencia, facéndoos correr—a “canalización” de que falou Urzáiz—pol-os regos dos cacicatos nos que reinan e trunfan, atendendo ó favor antes qu'ó intrés xeneral. Pobo que non teña d'esta clase de políticos, pobo morto, inda qu'as súas condicións naturás esixan de xusticia a protección do Estado. E cando eses políticos mórren, os pobos qu'adicaran n'eles, como en abrevaturas personaes, a súa vontade colectiva, son pobos mortos, pobos desorientados, perdidos. ¿Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol, Vigo? Todos o mesmo.

Todos acostumados a recibilo mais ou o menos, do Poder central, sin poñeren nada da súa parte—noso eterno cativo costume que ten por orixen a falla d'educación civil—, andan, logo que perden aqueles políticos nos que repousaban, com'as rãs da fábula que pedían rei, pídindo e buscando o entronizamento de novos caciques que lles dian todo feito, sin crebadeiros de cabeza nin traballos colectivos. Con organizare xantares e toda clase de festas y-omenaxes ós políticos centralistas que chegan a nosa terra, crén ter xa feito canto hai que facere.

CADRO MOURO

Daquella, por lo que me dijistes, tenderemos cablar el gallego. ¡Ay yo no te quiero eso que tés cosa moi fea; además, no te hay quien te me quite de dentro de la cabeza que lo práctico y lo que hace no pasar desapercibido resulta este castellano tan bonito, que si marchamos de Galicia haré que no haiga nadie que coñeza que somos gallegos. ¡Y pensar que nuestros papás en casa te hablaban gallego y nos hacían hablarlo! Ves aprendiendo, que se te les ocurre cada cosa á las gentes doy. Por desavegosas las colgaria dana chiminea.

(O castelano que empregan moitos enemigos da fala.)

Logo, veñen os desenganos, porqu'os políticos agasallados responden os agasallos que se lles fan, donando cartos pra un edificio, pra unha obra illada e concedendo empregos individuais, pro non mais. Compracen os señoritos das vilas. Mais á pobración rústeca, escrava do seneritazgo cidadán, ó pobo labrego, déixanno a veira da súa influencia. Y-en Galicia, as cibdades non son nada, y-o campo eyo todo. D'eiqui devén noso atraso, nosa probeza, nosa incultura de servos.

Esto decimolo até oxe moi poucos; esto témolo que facer chegar o pobo, chantándoo c'o a frecha da verdade nos corazóns gallegos. Esto non se esquirbe, cuáseque, en ningún boletín da nosa terra, porque non hai ningún boletín antr'os nosos que sexa independente, impresal, que non resulte instrumento do cacique A ou B. E pra qu'estas verdás s'espallen a eito, pra qu'estas cousas s'impoñan, abríndose camiño, fai falla soster polos bos gallegos boletíns coma iste.

Namentras, eisi non se creya, Galicia será patrimonio de catro románticos dinos, e *Caciquia*, isto que chamamos Lugo, Cruña, Ourense e Pontevedra. Unhas manchas d'aparente progreso nas cibdades e vilas; un deserto d'européismo na campia e n'aldeia. Probeza, escravitú, servilismo: un ben de Dios pr'oligarquía. As “terras baixas”, de que falou Gabriel Maura, que lamben como cas cativos as máus do deputado que lles da un estanco, un aramio telegráfico, un camiño vecinal, crendo qu'o deputado fixo cousa maor que cumprir c'o mais cativo anaco das suas obrigas; crendo qu'o deputado é pra qu'o sirvan e non pra servire. Estos lóstregos d'escravitú vergoñenta, de falla d'educación cidadán, alumean de cotio as colanas dos nosos xornás. Y-é Cataluña—onde non hai nin ministros, nin subsecretarios, nin ministrables,—o vivo exempro que debemos amostrare adoito.

Sabere o que nos convén economicamente, facer razón d'esta comenencia, e xa sabende e razonando, pedire, esixire en gallego—maneira de chegar á unión *espiritualizada*—eiqui tedes a crave da nosa redención. ¿Hai outra?

Ergamos, pois, por riba das nosas cabezas esta brosa de tres fios, bandeira de ferro, deixando no chan esquecidas as bandeiras de trapo. As bandeiras de trapo son a negación da vontade; vánse c'o vento que reina. A bandeira de ferro, bandeira y-arma, sempre estará fixa, como un índice que sinala o camiño redentor.

A. VILAR PONTE

ESCOLA DO IDIOMA GALLEGO

As leicións que hasta oxe viñeron dándose na escola que na Academia Gallega sosteñen os "Amigos da fala", non tiñan necesidade de seren publicadas, porque aquelas referíanse ás primeiras partes da oración—artículo, nome, adxetivo e pronome—que pol-a súa sinxeleza son rétidas facilmente na memoria.

Mais agora deuse comenzo ao estudio dos verbos, e coidamos que, pol-a súa importancia, e por non estaren estudiados d'abondo nos traballos filolóxicos e gramaticás impresentadas—todas elas dinas de seren gabadas inda que incómpretas nesta parte do noso idioma, cando non equivocadas—, é de moita comenencia o darmos á conecer o noso humilde labor pra que poida sere gardado pol-os discípulos da nosa escola e servire de goberno, si é que serve, aos non escolantes.

D'este xeito espallamos mais o labor patriótico, pra que nas almas gallegas se afinque fortemente a crenza de que, nesta parte esencial do noso idioma, como en outras, según teremos ocasión de demostrare, non temos por qué sentir cubiza pol-os demais, por perfeitos e fachendosos que seian.

Verbe regular: FALAR.—Radical, FAL

MODO INDICATIVO

PRESENTE

Eu falo	Nos falamos
Ti falas	Vos falades
El fala	Eles falan

PASADO IMPERFEITO

Eu falaba	Nos falábamos
Ti falabas	Vos falábades
El falaba	Eles falaban

PASADO PERFECTO

Eu falei	Nos falamos
Ti falache ou falaches	Vos falástedes ou [faláchedes]
El falou	Eles falaron ou faláron [lano]

PASADO MAIS QUE PERFECTO

Eu falara	Nos faláramos
Ti falaras	Vos faláredes
El falara	Eles falaran

FUTURO IMPERFEITO

Eu falarei	Nos falaremos
Ti falarás	Vos falaredes
El falará	Eles falarán

FUTURO PERFECTO

Eu terei falado	Nos teremos falado
Ti terás falado	Vos teredes falado
El terá falado	Eles terán falado

MODO IMPERATIVO

Fala ti.
Fale vostede.
Falai ou falade vos.
Falen vostedes.

MODO SUBXUNTIVO

PRESENTE

Eu fale	Nos falemos
Ti fales	Vos faledes
El fale	Eles falen

PASADO IMPERFEITO

Eu falara, falaría, falase.
Ti falaras, falarías, falases.
El falara, falaría, falase.
Nos faláramos, falaríamos, falásemos.
Vos faláredes, falaríades, falásedes.
Eles falaran, falarían, falasen.

PASADO PERFECTO

Eu tiña falado	Nos tiñamos falado
Ti tiñas falado	Vos tiñades falado
El tiña falado	Eles tiñan falado

PASADO MAIS QUE PERFECTO

Eu tivera, tería, tivese falado.
Ti tiveras, terías, tivese falado.
El tivera, tería, tivese falado.
Nos tivéramos, teríamos, tivésemos falado.
Vos tivérades, teríades, tivésedes falado.
Eles tiveran, terían, tivese falado.

FUTURO IMPERFEITO

Eu tiverere falado	Nos tiveréremos falado
Ti tivereres falado	Vos tiveréredes falado
El tiverere falado	Eles tivereren falado

MODO INFINITIVO

IMPERSONAL

Falar.

PERSONAL

Falar eu.
Falares ti.
Falarmos nos.
Falardes vos.
Falares eles.

Prssente; xerundio: Falando.

Pasado; participio: Falado.

NOTAS

Os pronomes *nos*, *vos*, *él*, *eles*, pódense tamén dicir: *nosoutros* - *nosoutras*, *vosoutros* - *vosoutras*, *il*, *iles*.

A conxugación que aquí damos ao pasado mais que perfecto de subxuntivo, e a verdadeira no gallego. Tamén se pode facer, inda que non é tan enxebre, co verbe *haber*, dicindo: *eu houbera, habería, houbese falado*, etcétera. O lexítimo auxiliar pra estes tempos compostos, é o verbe *ter*.

No pasado imperfecto e no pasado mais que perfecto do modo indicativo, facemos esdrúxulas as formas da primeira e segunda persoas do prural, así decimos *falábamos, falábades*, etc, en lugar de *falabámos, falabádes*. Todol-os antecedentes recollidos, o uso en grande parte do país pol-os que ben falan, decideunos a facel-os esdrúxulos.

Pol a nosa disgracia, o noso idioma está moi lixado pol-o uso dos nosos labregos, e hai que ter coidado na escolleita que entre d'eles se faga. Porque eles digan, *frábica, auja, subiabámos, colliabámos, juevos* e outras cousas do mesmo xeito, non podemos nin debemos imitalos. Con un pouco de tento, d'estudio e amor pol-a nosa lingua, ben podemos escoller, no medio do aluvián que a inxuria dos tempos puxo no noso camiño, o puro e brillante ouro da nosa nobre e doce fala. (Continuará).

VERBAS DE PI MARGALL

(NO 15 ANIVERSARIO DA SUA MORTE)

"A verdadeira autonomía non a queremos senon os rexionalistas y-os federaes."

"Pol-o dereito municipal emprincipiou a lexislación de todol-os pobos, e ainda nos tempos pretos a nos, por leises municipais rexíronse cibdades e vilas."

"¡Catalanistas! Vos sodes, coma nos, verdadeiros amantes da patria."

Esto dixo aquel nobre e sereo pensador. ¡Y-o seu discípulo Salvatella, federal, catalán, faise centralista e deputado andaluz, pol-o artigo 29! ¡Qué tempos!

XA E TEMPO D'IMPOÑERMOS XUSTICIA

Nos romances, nas comedias, en canto libro e papel empréntase na España que fale dos gallegos—salvo exceucióis—pónsenos como xente ruin; coma que non ten outro interés que a cobiza dos cartos, e pra conseguilos abáixase a total-as ocupacióis non soilo humildes senon hastra ás vergoñosas; esquence os mais agarimosos e leiales deberes. Pra os gallegos non hai amigos, nen parentes, nen sentimento do ben, da xustiza, da beleza... soilo unha ambición, soilo un vehemente desexo de amontoar cartos hastra ter unha morea moi grande, moi grande.

Tampouco sabemos falar. Esta nosa fala melosiña, tenra, doce, é unha linguaxe horriavel somellante ao ladrar dos cas; romatamos todol-os verbos con *u*; moita *u* na nosa fala, coma vocal domeñante, que dá mais aspecto cazurro e tosco ao personaxe e fai rir á xente que lé ou escoita as burradas que adoitan dicire os gallegos pintados pol-os literatos casteláns.

Sempre que vén ás miñas mans un libro ou libreto d'estes á que me refiro, que é moi a miudo porque dendes que se fixo a unión de total-as rexíois peninsulares pr'acó cuáseque todol-os esquiretores non gallegos tránnos do mesmo xeito, o contristamento enche o meu corazón.

Mais, digo eu cavilando n-esto. ¿Non seremos nos os primeiros culpabres? Se xa no tempo de Cervantes dicían pestes dos gallegos, se os gallegos fomos sempre aldraxados na España e pol-a súa influencia en todo o mundo ¿por qué Galicia enteira non volveu pol-a súa sona? ¿Qué fixeron os mais dos nosos literatos? Qué todol-os homes de valimento que en Galicia houbo? Us renegar da súa patria, outros esqueneel-a súa fala... todos contribuir pra que Galicia s'afonde cada ves mais, en ves d'axudaren aos poucos verdadeiros gallegos que a xente alcomou de tolos, que foron vefados.

¡Galicia! ¡Galicia! Seremos gallegos é o primeiro que debemos facer; amal-a nosa terra, e ter de cotio o pensamento n-ela pra poñermos as nosas mas, a nosa intelixencia, o corazón, ao seu servizo. Seremos gallegos e pregoalo; dicir onde queira que nos atopemos, en España ou fora, que somos gallegos: non importa se da Cruña, de Lugo ou Vigo, non: "gallegos", que Galicia é a terra de todos nos, a nosa verdadeira, única nai. E sexa a nosa fala a mellor marca da nosa procedencia e ataxenta que nos teña cinguido a todos en espirital aperta.

Que se somos verdadeiramente gallegos, a groría que os nosos grandes homes poidan recoller ha benefical-a terra; as nosas letras darannos a coñocer tal e coma somos, non coma nos pintan os estranos; e a tristeira e cativa lenda do tipo gallego iráse esvaindo com'a brétema ao morno equieimento das rayolas do sol, que será n-este caso un sol de xusticia imposta pol-os que podemos e debémola facer, que xa é tempo: por todol-os gallegos.

L. DE SERGUDE.

Inda está por facere un inventario com-preto, no que sexa posibre, dos aldraxes históricos c'os que a Galicia honráronna outros pobos ou nazóns ibéricas—empreguemos a frase de Gracián.—Este inventario vímol-o facendo nos, pouco a pouco. E publicáremolo axiña. Teñamos moito amore. Pro o amor sin'o odio, pouco val. Mais amaron os que mais odiaron. O odio—dixo Le Bon—e o lume alceso dos grandes apostolados. Amores e odios son as áas dos espiritos nobres.—N. DA R.

Verbas da nova inteleitualidade

FALAR Y-ESCRIBIR EN GALEGO, COMO SEIPAMOS

Aquí me tedes, pesaroso e triste por non corresponder a intensidade do momento: ledo e venturoso, xa que por moi mal que fale, sempre me aumearía o 'óstrego do ideal que nos xunta hoxe, e que dend' antano latexa n-o noso corazón.

Escribo en galego, e escribo mal. ¡Qué queredes!... Nunca hastra hoxe escribín. Xamáis mo ensiñaron nin eu me procupei d' aprender! E agora, preguntobos: si podo escribir—mal, todo o mal que vós queirades—no idioma que non depredín nas escolas, nos epitomes nin nos dicionarios ¿n'é verdade qu'esa lingua debe ter raíces moi fondas no meu peito, na y-alma da miña raza cando non-a enterraron pra sempre os abandonos alleos e os propios? ¿N'é verdade qu'ese idioma é unha realidade forte e latexante que nós temos esquecida, pro que vive no noso espírito e que ten qu'esnaquizar a lousa qu'o cobre, sempre que fagamos ensamen de concencia e nos dispoñamos á recontar e cribar os valores que forman o edificio da cultura, e as espranzas da raza?...

A redimir este idioma do aldraxe que del fan, non os alleos, que non sinten nin pensan nel e non teñen por qu' estimalo (bástalalles si acaso gardarlle os respetos debidos), sinon os propios, quizáis nosoutros mesmos, encamiñase a "Hirmandade dos Amigos da Fala"; e com'o idioma é sempre verbo d'un mundo de pensamentos e sentimentos, diferente dos outros no seu molde pol-o menos, a chamada pra defensa do idioma esquecido, é, primeiramente, un requerimento de ensamen de concencia rexional.

A CONCENCIA DO NOSO PECADO

O primeiro, é ser xustos; non votar a outros a culpa dos nosos pecados. Teñen d'abondo cos seus.

N-ai xentes máis despreciabres qu'esas que nin siquera teñen valentía pra responder dos seus propios autos. Nada tan probe, nin tan inútil com'un d'eses mocetes que pecan, non por que lle lo pida o corpo e a y-alma abrasados pol-o fogo das humanas pasións, senon por que lles manda un compañeiro. As nais—¡pobres e benditas nais!—teñen a gran disculpa pr'os pecados do fillo e din: "E un santo; e un bocado de pan; faise del o que se quér; domeáronno as compañías"... Este santo non é da miña devoción. Na loita da vida morde a terra. Non nos sirve. Queremos o mozo que diga: "Sí, pequei porque quixen; non fun un xuquete de ningún; a miña vontade apasionada foi a estrela—boa ou mala—que me guiou"... Este rapaz, poderá un día encamiñarse pol-as vías do arrepentimento; pode reutificar; é un carácter; máis craro: é un home... O outro, é un farrapo—que chegará a santo s'o meten baixo un fanal; pero que non serve pra vida.

O mesmo lles pasa as rexións... ¿Qu'é eso de votarlle a outras a culpa dos nosos males? ¿Qué fixemos nós pr'os remediar? ¿Vivimos quizáis ó marxen do resto da nación, sin ter culpa do fracaso de todos?... ¿A catástrofe do 98, o parlamentarismo, o caciquismo, o centralismo son alleos a Galicia e os galegos? ¿Non gobernaron galegos a nación, e fixeron leis centralistas e contrarias os nosos intereses, a nosa hestoria, o noso mañán?... ¿Non rixen hoxe as mesmas leis aquí qu'en Cataluña, e ali hai outra vida e outros homes?... ¿Non é certo qu'o mesmo centralismo, si o exprota unha rexión no

seu proveito, imponéndose as outras, pódelle ser moi sustancioso?

Amigos da fala, namorados de Galicia: non votedes á xente de fora culpas que non teñen. Todos axudamos á afundir á España; n-ai leis que nos favorezan, porque nós no nos soupemos facer, nin mandar qu'as fixe-se quen debía; estando vivo o sentido rexional, as leis reconóceno de contado por ben ou por mal. Ehi tedes a Mancomunidad catalana; ¿qué se fixo aquí?...

Teñamos concencia do noso pecado. Non fagamos com'os nenos que se disculpan co hirmán ausente, pra que non lles peguen. Naide máis que nós ten culpa do que nos pasa; naide máis qu'o noso traballo nos ha de salvar. E si non decideme: ¿a quen voltámola culpa do abandono impiadoso en que deixamos o idioma? ¿Qué xigante nol-o ten encantado?... Pois o mesmo nos sucede con todo.

Non esperemos a salvación dos Deputados, ou da real orde: os Deputados e as ordes do Rei, non poden reformar á vida d'un pobo c-unha firma. Somos nós, os culpabres, e os que temos que conquistar o cume e cravar n'él ó pendón da vitoria.

Comecemos por ter concencia do pecado—abandono, encollemento, cuquería, lan-graneria por arroás—qu'é o introito do arrepentimento. Se pensades qu'os culpabres son outros, seguides na indiferencia agardando qu'os outros remedien o mal que pensamos que nos fixeron.

L. PORTEIRO GAREA,
Profesor da Universidade
compostelana.

OS DOUS ABOGADOS

(CONTO, DO MESTRE DOS CONTOS)

Don Constante era un abogado de moita sona na Cruña. Pasaba o vran n-un pazo da parroquia de Moruxo, preto da vila de Betanzos.

A horta non tiña sembradura d'abondo, e, ademais, pol-o fondal faltáballe un bon pedazo pra sere cuadrada. Lindaba por este lado c'unha leira de Bastián, que non quería de ningunha maneira vender o cacho de terreo que acuciaba D. Constante.

Un día presentouse Bastián na Cruña, no despacho do noso abogado, e díxolle:

—Señor, poño no seu coñecemento como lle cadrou en sorte ao meu fillo Pedro, que é o meu brazo dereito, ir á servir o rei. Non sei que vai ser de min, pois xa estou moi velliño, e non podo traballar a miña probe facenda.

—Tes razón, amigo Bastián.

—E pol-o mesmo, eu viña a lle rogare que me emprestara algún diñeiro sobre da leira, qu'está a carón do fondal da horta do seu pazo de Moruxo.

—¿En qué condicións?—preguntou enton D. Constante cheo d'alegría porque por fin iba á redondear a horta.

—Señor, como vostede queira. Vender non li'a vendo, porque doime moito desfacerme dos bés que foron de meus pais; así é, que se lie parece ben, tomareille o diñeiro en pauto de retro.

—Ben, home, ben...—respondeu o abogado relambéndose de gusto por dentro.

—Como a miña leira é moi grande, hipotecaréi namáis que a metade.

—Conforme, amigo Bastián, sempre que a parte que hipoteques linde co'a miña horta.

—D'eso non debemos falar. Así se fará.

Fixeron a escritura de pauto de retro, e Bastián largou co diñeiro á redimir á Perucha, que volveu aquel mesmo día para a sua casa mais contento que un cuco.

Iba á cumprir un ano despóis d'esto. O

vispera do vencimento da hipoteca, presentouse Bastián, en compañía de tres viciños seus, pra que lle serviran de testigos, no despacho de D. Constante.

—Meu amo e señor,—dicialle Bastián c'unha cara de tristeza que mesmo partía as cordas do corazón;—eu sonlle home perdidíño. Este ano caeron enriba de min moitas desgracias. Non collín mainzo ningún, as viñas inzaronse de feluxe, podreceron as patacas no celeiro, e doume moita perda a venda do gando. Inda que lle levéi en mayo tres cachololas e tres pernis de cocho ao beato Frai Pedro Manzano, afogoume un bacoriño e rompeu unha perna un cuxo... ¡Non lle podo pagar, meu amo! ¡Doume por perdidíño!

—¿E daquela?

—¿Daquela? ¡¡Ai, meu señor D. Constante, que l'estou empeñadiño de todo, e non me queda outro remedio, pra sair d'apuros, que hipotecarlle a outra metade!

—¡Vállanos Dios! Pra que vexas que te trato ben, e que non abuso da tua situación, dariche a mesma cantidade pol-a outra parte da leira.

—Os homes coma vostede teñen no ceo un lugar escolleito "á la diestra de Dios padre..."

Fixeron a escritura, e cando Bastián tiña os cartos nas mans, dixo, pódose mais teso e serio que un cacique en días d'eleicións:

—Agora, meu señor, quero deshipotecar a outra metade, que vence mañán. Aquí ten o diñeiro; e os presentes seian testigos de como fago a entrega.

—Mira, meu amiguíño,—respondeulle don Constante dándolle unhas palmadiñas no lombo;—agora queda a miña horta sin cumprir, e teréi que poñer unha ponte, se me deixas, pra pasare á outra banda, que agora me hipotecas. Ti non tiveches necesidade d'ire a Santiago á adprenderle leises. Coa retransa que Dios che deu tés d'abondo pra xiringare á calquera letrado, como me xiringaches a min...
ASIEUMEDRE.

MÚSECA E TEATRO

Ouvimos onte ao grande artista Arthur Rubinstein.

Poucos como él en todo o mundo poderán sentirse oufanos de conoser o segredo de tirar das tecras, a emozón que sempre latexa n'elas, agardando as maos do mestre que saiba espertala, enderezándoa a ferir os corazóns dos ouventes.

Adur s'alcoutrará outro como Rubinstein, que, inda na mocidade, teña gaado tan moitos trunfos e ensaltamentos tantos de públicos de todol-os pobos e xentes de total-as crases.

Ca Rubinstein non é un vertudeiro do piano a quen soo as persoas esleitas, sabedoras da técnica do istrumento e conosedoras das dificultás d'execución poden ouvir gozosas.

A ducias hai no mundo pianistas que tocan de maneira prodixiosa, máquinas vivas pra facer o "record" do tecrado; pro o que non abonda s'on artistas completos que, conquerendo as maors dificultás, cando eistan, saiban interpretar o pensamento dos autores, dar alma aa esecución, deitar o fio invisibre que das notas mortas no papel irá nudar nas fibras sensibres dos que ascoitan, espertando ledicias ou tristuras, amorosas vaguedás ou soberbios alentós d'espranza, reloucar de vida ou subrimos folias d'esculcar o infinito c'os ollos do espírito...

Rubinstein, de todo en todo pode dicerse un grande artista, inda qu'a sua "recita" de Beethoven—o ritmo da "Aurora" deixou abondo que desexar—e algús pequenos embrollos na *Tocata* de Bach non nos satisfixeron.

As pezas que formaban o programa do concerto eran na maioría coñecidas dos membros da "Filarmonía".

A "Ondina", de Ravel, é unha bela mostra de composición descritiva de boa lei, erarísima; n'en punto de semellanza ten, grado a Deus, co-as producións extravagantes de Strauss e outros taes. O "Nouturnio", de Scriabine, ven requerecer o tesouro da nova música rusa c'unha obra mais, que, si é de proba pra os vertudeiros, pois precisa unha gran axilidá na man esquerda, esconde sentimento, dozura, espirito... Foron esquisitamente espresadas.

A parte de Chopin, foi o millor da noite. O "Nouturnio" en fa, o "scherzo" en do e o Vals brillante en la, que deu d'agasallo ao público non tiveron pero. ¡Ei, Rubinstein!

Mérese un cumprido aprauso moy sinxelo, a boa idea do Sr. Ponte Blanco e mais do Consello da "Filarmonía", de nos traer a Cruña este príncipe do arte pianístico.

A compañía Torrea-La Riva, levou á escea na Cruña a traxedia de Shakespeare, "Hamlet". Esta traxedia poñeráse n'outros pobos gallegos.

S'a compañía estivera aínda eiqui, soyo gabanzas teriamos pra ela. As boas intencións son merécitos d'aprauso. Pro, xa lonxe de nos, como non podemos perxudicala, ben é que falemos á verdá.

Sarah Bernhard, pol-o seu temperamento, no xénero d'arte que traballaba, viña a sere o qu'a Pardo Bazán na literatura. Petáballe abranguelo todo. Y-eisi non foi cousa estrana que pertendese "masculinizárese", com'a interpretou o "Hamlet". Mais non convenceu á crítica. ¿Poderíanos, pois, convencer a nos a señorita Torrea? Non; e menos aínda ós que lémos moitas veces a traxedia shakespeareana—a mellor obra de teatro que s'esquirbeu xamais.— A señorita Torrea, nin siquera entendeu o fondo monólogo do terceiro acto. Y-o "acaso" do verso que di: "Morir; dormir. ¿Dormir? ¿Soñar acaso!", recitouno fiado c'o verso seguinte. ¡E apraudíronl'esto!...

Do comediante que fixo de "Laertes", personaxe simbólico que contrasta con "Hamlet"—a aición fronte da especulación—, xa val mais non falar nada. Agora, o conxunto, ben adprendido, y-o decorado, a xeito. Soyo fallaron artistas. ¡N'é pouco!

O papel de "Hamlet"—dígaon quen queira—non encaixa n'unha muller, sexa ésta quen sexa. O "hamletismo", derradeira expresión da filosofía de todol-os tempos, c'o a voz de femia perde total-a sua emotividade, trocándose n'unha herexía artística.

¡Pro qué fonda, qué admirabile traxedia, esta traxedia de Shakespeare! Ninguha pedra de toque mellor pra xusgar o noso teatro. "Hamlet", fala os corazóns d'oxe, comos do seu tempo. Ten o segredo do xenio: sere contemporánea de total-as épocas.

¡Qué lonxe d'ela "A Noite do sábado", complexa, chea d'esceas fiadas com'as revistas de "xénero chico" pol-a presenza d'un presoaxe secundario: o escultor. ¡Qué lonxe d'ela os mesmos "Intreses creados", peza irreal, con arte d'inxenio e d'habilidá, mais sen "arte vivo"! ¡Soyo "O Abóo" de Galdós ten grandeza no moderno teatro español! Porque prantea un problema eterno, de "carne e hoso", axeitado a unha aición sinxela.

"Hamlet"—¿quén o non sabe?—adoece de moitos "añacronismos". No carto acto, por exemplo, ten tempo d'embarcáre o Príncipe pra Inglaterra, ser feito prisoeiro dos piratas e tornare a Elsinor. Tamén ten tempo Fontinbrás antre este mesmo acto y-o quin-

to, d'ire dende Dinamarca a Polonia e voltar trunfante. Inda hai outras cousas. Na época da obra non era cristiána Dinamarca, e todol-os presoaxes son católicos; inda non s'inventaran o reló nin a pólvora, e escoltans'o reló y-o cañón.

Todo esto abondaría oxe pra que silbasen a Shakespeare s'estrenara en Madrid. ¡E "Hamlet" e o "Pórtico da Gloria" do teatro universal!...

AYRAS

OS POETAS D'AGORA

ORVALLEIRAS

¡Qué mansiña, qué miuda!
¡Qué mansiña e qué miuda cai a yauga!
Non se sabe si é que sobe,
nin se sabe mesmamente si é que baixa,
Cobre os campos unha brétema foupeira,
unha brétema orvallenta, húmeda e parda,
que se estende caladiña,
y-entr'os álbores se engarra,
e que esconde as caprichosas lontanías do paisaxe

coa cortina da sua túneca mollada.
Anda o bafo da humedade pól-os soutos batuxándose na lama;
y-entre tanto, miudiña... miudiña... vai caíndo... vai caíndo preguiceira a orvallada.

Mainamente... mainamente... non se sabe si é que sobe nin se sabe si é que baixa.

Un agoiro de morriña bara os corpos e un afogo de tristeza cai nas aimas.

Pouco a pouco van xuntándose as pingotas da orvalleira soave pra encolgarse nas espesas follateiras y-arredor de cada folla formar mesmo unha grinalda

de abelorios e de doas que reloce e se abalan e boligan bambeantes, entramentres caladiña... caladiña... cai a yauga, tan miuda... tan miuda... tan miuda... tan mansiña... tan poética é tan maina, que si o vento xoga co ela, unhas veces sobe... sobe... y-outras veces baíxa... baíxa...

Saen as brétemas dos montes a esparxerse silandeiras pol-as agras. Son as néboas borrallentas que se pousan mesmo enriba

das congostras e das fragas, e que veñen pardusqueiras, tan espesas, que parece que se collen e parece que se apalpan.

Son as néboas dos orvallos, que se meten pol-as longas carballeiras, cal riola de pantasma, e que baixan dende as cumes e s'enredan nas silveiras, onde tecen e devanan as meadas do seu manto sin ganduxos, espallado quedamente pol-as veigas y-as searas.

Hai sosegos de orvalleiras no follaxe das campías; hai arrollos de chovisca nas herdades aldeanas.

Non é a chuvia turdí e lurpia das tronadas que á treición estroza os eidos, arrasando canto atopa co pedrisco y-a saravía.

E esa chuvia chormiqueira das gallegas orvalladas; chuvia mansa que ó randearse pol-os aires toda en calma, non se sabe si é que sobe nin se sabe si é que baixa; chuvia tépeda e meiguíña das campestres orvalleiras, d'esas mudas orvalleiras galicianas que adormentan os paisaxes esvaídos, y-enlameiran as comarcas, y-acariñan garimósal-as aldeas, entr'os pregues da sua túneca esgazada; orvalleiras bretemosas, sempre mainas, que un agoiro de morriña dan ós corpos y-ón apedo de tristura dan ás almas.

ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ

(Nomeado mestre no primeiro concurso que, cada seis meses, cumprindo os seus estatutos, farán "Os Amigos da Fala" da cibdá herculina.) A Cruña.

Cuestiós económicas

Un xeito louvabre. — Una ideíña

Noso colega "A Voz da Liga", do Ferrol, publicou fai poucos días un número estrordinario, sobre do ferrocarril da costa.

N'él fálase da boa idea do señor marqués de Figueiroa ó discutírese os plans de restitución nazonal que foi recollida practicamente n' voto particular dos Sres. Soto Reguera, Pedregal, Ordóñez, Urzáiz e Argüelles, todos da comisión de presupostos do Congreso, propoñendo a inclusión de cén millós de pesetas distribuídos en dez anualidades, pra a construción pol-o Estado da liña de ferro Ferrol-Xixón.

Dise, tamén, qu'este voto particular foi acetado pol-a maioría dos deputados gallegos y-asturiáns (unhos 25), qués o farán seu, sendo partidarios de chegar a médeos radicáes pra conseguire o fin qu'arelan, o marqués de Figueiroa, Melquiades Alvarez, Pedregal, Soto Reguera e Moreno.

Estes deputados crén qu'o dito,—apelazón a médeos radicáes—é a soya maneira de chegare ó logro das aspiraciós de Galicia e Asturias.

Imos pol-o bon camiño. Pol-o camiño que nos, como a valente "Liga" do Ferrol, asi-

ñalamos sempre, contra ó xuicio das presoas graves e prudentes.

E agora ocúrresenos unha cousa: Caso de qu'o Goberno non atendera a xusta causa dos que loitamos pol-o ferrocarril da costa, ¿por qué, logo de facer un estudio dos camiños de ferro de Galicia en proyeito, con todol-os antecedentes percisos, non dirixirnos ó capitalismo yanqui c'o a súprica de que veña eiqui disposto a construír as nosas liñas?

Esto parécenos doado, faitibre. Oxe hai sobra d'ouro en Norteamérica, y-os norteamericanos teñen moitos desexos d'imprantar negocios en España.

Temos que pensal-o todo. E non lles esqueza ós organizadores da Asambleia de Mondoñedo, pró ferrocarril Ribadeo, Mondoñedo, Villalba, Lugo.

Moitos son os que, da Cruña e de fora, pídenos exemplares do primeiro número de A NOSA TERRA. Non podemos compracelos, sintidoo na y-lma, pol-o d'agora. Agotóus: aquela tirada, e facer outra nova perxudicaría a nosa homilde empresa, feita con forza de sacrificios.

Por patriotismo, pois, rogámosl'os nosos amigos nos perdoen a falla do primeiro número. Pénsese na boa fe qu'amostramos.

A Barroso fáielle un monumento en Córdoba.

¡Séñeca nos valla! Por mais que ben ollado o caso, tratábase d'un home dos mais "grandes" d'España. Inda qu'a sua "grandeza" sexa das que louban os vermes, gabados por "Hamlet".

Tamén a Camo acábaselle d'erguer unha estatua en Huesca. ¡En Huesca, onde non a ten Xaquín Costa!

Camo foi un cacique. E, cousa rara, non cra abogado. Era farmacéutico. Camo, pois, é o primeiro farmacéutico español que ten estatua. Pro non por farmacéutico... se non pro cacique.

¡Vaya unha cataplasma!

Pérez non acouga.

Pérez, onde queira, ripinica no crarinete das rivindicaciós anticaciquís.

No seu pobo, no culto pobo de Pontedeume, fixo un mitin días atraís.

El falou na praza, e falou dende a galería... (¡pr'á "galería"?)

Dixo verdades qu'él xusga boas pr'o seu "chaqué", na defensa da Familia.

Adiante, ché.

Xa s'esqueceu a idea espallada pol-o insigne artista Sotomayor de facer unha Exposición de pintura gallega no vrán que ven.

¿N'hai quen recoll'a idea? ¿Naide quere meterse en dibuxos d'organización?

As ideías abundan. Fallan vontades.

O Bazar do probe... ¡Que sexa perciso, no sigro XX, facer caridad até c'os desperdicios das casas! ¡Y-o é!

Caridade, caridade, tés nome de muller.

O señor Labra, descubreunos no Ateneo de Madri.

Xa son moitos os "extranxeiros" que nos veñen descubrindo.

Agora emprincipiamos a estare de moda, como estiveron dinantes os esquiamaes y-os chinos.

S'agora nos "descubren", é que até agora non estábamos descubertos.

A pesare de tantos gallegos "ilustres" como "viven" en Madri.

Colón, disque gallego, descubriu América. Labra, american, descubre a Galicia nos derradeiros do 1916.

E inda haberá espíritos escravos que sintan gratitude por estes descubridores.

¡Si lles ispiramos lástema!

A SARDIÑEIRA

Xa se ouven de lonxe as voces que da a graceosa e xintil sardiñeira que vendendo vai,

pol-as portas e rúas, os peixes que as trañeiras colleron n-o mar. Cando chegan as lanchas ó porto total-as mañás,

por moi cedo que sexa, x'amoza agardándoas n-os muelles está.

Logo qu'enche a bacía que leva, co'a cayaxe que trouxo seu pai, a vendela por portas e rúas escapada sai.

Hai que ver con qué xeito se move, dende aquí pr'alá,

ofercendo afanosa as sardiñas que, de frescas, bulindo aínda van;

e hai que ouvir cómo a moza as pregoa con doce cantar:

"¿Quén merca sardiñas,
que frescas están...?
¡Sardiñas eu vendo...!
¡Sardiñas... namais!"

Interesado pol-a sardiñeira e cautivo d'o seu natural, ducidín, non fai moito, falarlle pra calmal-os meus fondos afás.

E, a comprir meu intento, d'a casa sain de mañá, cando aló pol-o cabo d'a rúa sintina berrar:

"¿Quén merca sardiñas,
que frescas están...?"

Xa o vir preto, a xintil sardiñeira, chameina co'a man,

e, dempois, rente a orella, faleille... ¡d'o que a naide lle pode importar!

Ela, ó ouvirme, fruceu o entrecexo botándose atrás,

e, sin dar-me unha fala, marchouse a paso de can.

Y-o viral-a cabeza e mirarme, dende lonxe xa,

chiscoun'o ollo con certa malicea e, surrindo, acabou de cantar:

"¡Sardiñas eu vendo...!
¡Sardiñas... namais!"

XAN PLA ZUBIRI

Trives.

MEMORANDUM

Convén asiñalar adoito, pra que non se l'esquezan a ningún bó gallego, aqueles problemas e cousas que teñen pr'a nosa terra maior interés pol-o d'agora.

¡O do esquezemento de todo, logo de falar moito n'un instante, é o noso "pecado orixinal".

Non se poden cobrar contas atrasadas, se non'os lembramos d'elas. Esta nova seición poderá sere, pois, froitífera.

¿Cáles son'as cousas d'actualidade pra nos, oxe?

1.ª Os ferrocarrís secundarios y-estratéxicos. Si se pechan as Cortes, deixando sin aprobáres'o proxeito y-as enmendas qu'o caso se refiren, no Congreso, probes de nos. Unha nova esperanza murcha.

2.ª O preito dos trasportes pol-o ferrocarril do Norte. E vergoñoso canto ven ocorriendo c'o esto. ¿Manterán algo o lume do coraxe nos seus peitos as institucións cruñesas que terman no asunto? Seguiremos consentindo que nos traten ós gallegos com'os chinos?

3.ª A fonda bulra qu'a Compañía do cativo ferrocarril Carril-Pontevedra, ven facendo dende cuarenta anos atraís do pobo santiagués. Abaláronse estes días os ánimos de moitos bos fillos de Santiago. Houbo alí un "belo xesto". ¿Quedarase todo en palabras, palabras, palabras?

Falouse d'ire unha comisión a Madri. Esto das comisións, ten que lle digan. Soyo serán boas comisións aquelas que sexan feitas con homes independentes, fallos de coñecimentos c'os políticos da Corte. Comisións "agresivas", "enteiras", com'as de Cataluña. As de vaselina y-espiñazo dobrado, non sirven pra nada. Así son cuáseque total-as gallegas. ¿Que pol-a neutralidá non se pode obrigar a que cumpra c'a lei unha compañía extranxeira? ¡Haivos pra rirse! Pro ¿en Inglaterra consentiríanl'a esa mesma compañía, y-a unha estranxeira menos, ¿que fixese alí o qu'aquí fai? Non é, inda mais, dito preito anterior á guerra?

4.ª Obrigar ós acaparadores de Castela a

europizar sua política trigueira, que tanto amola ós labregos gallegos.

5.ª Pedire que s'estabrezan en Santiago, porqu'è de fonda xusticia, as facultás de Cencias e de Filosofía e Letras.

6.ª Esixire qu'o Estado deia a Galicia, rexión agraria e pecuaria, unha escola de péritos agrícolas, qu'inda non costándolle nada ó Tesouro, se nos nega.

E 7.ª Termare porque os sanguinientos feitos de Nebra non deian motivo pra ruins venganzas dos caciques.

Na folla do "Memorandum", oxe, n'è ben esquirbire mais. Abonda.

NOVAS DA CAUSA

A Mutua Mercantil Cruñesa, ten organizada unha serie de conferencias. A primeira deuna o noso bo amigo Xosé Portal Fradexas, rapaz culto, moi intelixente, dono d'unha verba ceiba e galana.

Escolleu este tema: "O Rexionalismo económico". Dixo cousas moi intresantes, dinas de se conocere. Doeuse de que, pol-a culpa da educación centralista, acostumado ó castelano, non podla, sintindoo, falar en gallego. Léu, en troques, un anaco da maxistral conferencia que Porteiro Garea pronunciara en Santiago cando alí se constituirá a "Hirmandade da Fala".

O discurso de Portal Fradexas, foi notable. Pro nos sentimos qu'este bon orador non se decatase de qu'ó falar das custións económicas da nosa terra, hai que estudar o "librecambismo".

Galicia é librecambista por natureza, y-o seu porvir está mellor que na España, fora d'ela.

A nova, publicada no noso derradeiro número, da xira de porpaganda rexionalista que en febreiro farán as principáes pobraciós gallegas o insine Cambó y-outros cataláns de soa, despertou fondo entusiasmo en moitos peitos enxebres.

Podemos asegurar que en todol-os pobos da nosa terra, han de sere agasallados con xúbilo y-agarimo.

Mais aínda dende qu'è sabido qu'a condición "sine qua non" das suas porpagandas en Lugo, Cruña, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e quizais Monforte, ha de fundamentárese na defensa do noso idioma; e dende que supónse que c'o eles virá o mestre Rodrigo Sanz.

O grupo de declamación do Centro Xaísta da Cruña, dinnos que ten o pensamento d'estrenare n'unha das suas amenas veladas, o fermoso drama gallego de D. Manuel Lugo Freire, "Escravitú".

Qu'eisi sexa, y-axiña. Elo honraria ós cultos rapaces tradicionalistas.

Na hestórica e groriosa cibdá de Compostela, organizouse un notable coro gallego que leva o nome de "Follas Novas" e pertence ó grupo adémirable dos Amigos da Fala d'aquel pobo.

Axiña—dinnos—que fará o seu brillante "debut".

O galleguismo xurde. N'hai dúvida. Adiante con fe. Axudémonos todos.

Antre os nosos colaboradores, temos que nomear, pois esquecéusenos no primeiro número, a D. Xan Fernández Merino.

No número que ven, adicaremos unha lembranza xusta ó héroe das nosas libertás, Pardo de Cela, xa que cumpre un novo aniversario da sua morte.

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA

FAI MOITOS ANOS...

(Feitos hestóricos.)

PELEGRINA

—Achegádevos, que á carón d'este lume garimoso, heivos d'ir contando cousas certas d'outros tempos, pra que vos lembredes d'as inxusticias qu'enriba dos nosos país e nosos abós cairon.

Esto decía á vella de pelexos curtidos pol-o vento, queimados pol-o sol, ós netos que s'arrechegaban á ela, namentras n'a la-reira ardian uns toxos e se quentaba ó caldo n'o pote pendurado da gramalleira.

O gato facía ron, ron, n'un curruncho, y-o can ouveaba n'a eira. Zoaba o vento fora, y-o lonxe ouvianse os aturuxos dos mozos qu'iban de tuna

—Fai moitos anos, moitos, tantos, qu'eu feño pra min que aconteceu ó meu conto cuase que antes de que viñeran os mouros, que había por terras de Sar, un señor moi ruin, home fachendoso, e moi laberco, prendado d'unha rapaza nova garrida e xeitosa.

Pelegrina lle chamaban. Era com-un sol, e daba cobiza mirala.

Casada c'un bon rapás, vivían en pas y-en grácia de Dios sin se deprocatar de qu'ouvese ninguén que lles quixera mal.

Bos cristianos, nada fantesiosos, traballadores e ben falados, eran por todos mirados, e queridos.

El, Chinto, era un mozo dereito com-un pau de sanguño, forte com-un carballo.

O manate a quen servían, o que lles levaba c'as rendas o seu sudor, escomenzou por lle buscar as voltas a Chinto e arredrouno da aldea pra lle dar o ouro y-o mouro. Pasou tempo sin se ter novas, d'él.

Namentras, o dono do lugar non deixaba de cortexar á rapaza, sin que ela lle dese oídas nin fixese outra cousa que traballar e pensar no seu Chintiño.

As rendas foron crecendo, pois xa sabedes as mañas de que se valen os amos pra ir pedindo, pedindo e deixando ós probes labregos con osos qu'eles non roen.

Da xusticia n'hay que falar... Pouco a pouco foron por uns e por outros ladós deixando a probe Pelegrina euasemente por portas. ¡Probe muller! Sólo vivía c'a esperanza de ter novas do seu Chinto.

Y-as novas chegaron. Un día, un d'os veciños de Pelegrina que fóra á vila pra mercar uns trapos, lle trouxo á da morte de Chinto, acontecida unha noite escura, n'un camiño, pol-os criados d'o amo.

¡Moito chorou á coitada! As longas trenzas de cabelo roxo trocáronselle unha noite brancas com-a neve.

Magoada n'a yalma, ferida de morte, dou c'o seu corpo n'o leito.

Debeu de sabel-o señor, porque tivo a ben ir pol-o lugar, aproveitando unha cacería que ordenaron os señoritos que c'o él iban.

Sin tirar palabra pra ninguén, metuse pol-as portas de Pelegrina, namentras limpaban os cabalos do señorío.

O amo, arrastrando pol-o chan as suas roupas de seda e ouro, chegoso o leito onde Pelegrina estaba, coidada por duas veciñas.

Quedo, moi quedo, con parola amorosiña, escomenzou en varios modos a convencer a Pelegrina d'a comenencia que lle tiña dar creto ó que li-él decía, e todo viña a parar ó mesmo: a que fora c'o él a Santiago.

El a feria com-a reina, nun pazo con xardis de froles cheirosas. El, darialle traxes e criados.

Pelegrina, c'os ollos cheos de bágoas, calaba.

O amo cansouse de predicar. Ronço pol-a carraxe, quixo coller, levádoa cabo d'él.

Pelegrina tivo un arranque de xenio. Mordeuno n'as maus e lle escupeu n'a cara a tempo que c'un chilo saído do fondo d'a yalma, lle berrou:

—¡Non, asesino, non me levarás!

Erguéus-o amo, pechou os puños, recadou ó chapeu, e rilland'os dedos, saleu c'a mesma fachenda con q'entrara. Seus ollos votaban lume.

—Collede cant'atopedes n'esta chouza—dixoll'os que n'a porta estaabn—, e que me leven a Santiago ó mellor cuxo q'haxa n'a corte. Quero comer hoxe un prato de callos á saude de Pelegrina.

Nada había n'a cachoupa de valemiento, mais c'a vaca de leite q'era ó sustento úneco de Pelegrina, y-esa levárona.

Asentado n'un cabalo negro com'o fume, ó amo botou á testa pol-a porta:

—¡Adiós, Pelegrina!—dixo rindo—. Lévoch'a vaca e hoxe comerei callos.

—Cómaos, cundanado, coma—dix'a probiña chorando e nos derradeiros alentos de vida—, e así Dios queira que revente c-o eles.

Así foí. (P. Flórez, "España Sagrada", tomo XX. "Historia compostelana".) Os libros que d'esto falan, confan com-aquela noite, ó amo d'o lugar morreu retorcéndose com'unha fera entr'o fato de manates, papulitos e minicreques que co-él comeran os callos d'a xuvenca d'a infelís Pelegrina.

AUGUSTO BARREIRO

A advertimos os nosos suscritores de fora da Cruña — e c'o elo damos resposta a moitas preguntas que se nos fan—, qu'a maneira que teñen pra bonare a suscripción, é ou en sellos de correo ou pol-o xiro postal.

Os correspondentes administrativos, e donos de postos de xornáes, tamén de fora, que venden o noso boletín, poden facer o pago do mesmo xeito, descontando o tanto por cento de costume.

PENEIRANDO...

Houbo persoas que viron con receyo—y-as suas queixas chegaron os nosos ouvidos—algunhas cousas do derradeiro número d'este boletín.

Duas, sobre todo: a que se refiría á política agraria y-a que facía relación a idea de suprimire as Deputacións provinciais.

Non faltou quen crese qu'aquelo dos "apóstoles" que perdican pol-os agros celtas, tiña que vere c'os solidarios gallegos.

E nada mais alongado do noso pensamento. Nós, que temos por mestre a Rodrigo Sanz, e que c'o a sua vida á Cruña dimos pé pr'os actos que seguiron o seu xenial discurso do "Circo d'Artesanos", nós que colaboramos cheos d'entusiasmo, ¿cómo poderíamos arrenegar da nosa propia obra?

Non; os solidarios—que moita xente que-re que troquen o nome—teñen todol-o noso apoio e total-a nosa simpatía agarimosa.

Eles son os que entenderon sempre qu'o problema da campia gallega é mais qu'o "quitate ti pra poñerme eu". Eles son dos que pensan na cultura e na independencia económica como cimentos da redenzón do labrego. Eles fixeron as groriosas Asambleas agrarias de Monforte. Eles perderon tranquilidade e saude e gastaron cartos, recuando da loita que ten xeito histórico, logo de pregar a bandeira antes que lixala con traicións. Foron escravos do seu deber. ¿Có-

mo poderíamos, pois, sin estar tolos, aldraxalos?

Non; os "apóstoles" dos agros celtas que nos fan surrir, si non trougeran logo fondo perxuicio pra Galicia, son outros. Son os que fan Centros de xogo... agrario, en Madrid. Son os que velaiñean c'os caciques y-enchén os miolos dos probes labregos de metáforas sanguíneas e fraticidas. Os que se poñen o rente de quen lles convén, facendo c'as suas autuacións qu'o esceitismo dos aldeáns concruya por multiplicarse por cento. Son os que toman por "primos", mais que por hirmáns, a nosos compatriotas d'América.

Os que, n unha verba, coma nos censurou Rodrigo Sanz, antre liñas, no seu derradeiro discurso do Ateneo de Madrid.

¿Vedes craro?

Agora falemos do noso criterio sobre supresión das Deputacións provinciais.

Crémos que ningún bo rexionalista ou nacionalista pode pedire o esnaquizamento d'aqueles organismos.

Basconia é Cataluña—rexiós vivas—pensan coma nos.

As Deputacións son o xérmén da futura mancomunidade e do futuro parlamento rexional. Sin elas cairían os Municipios de cheo na órbita de Gobernación, inda que se mancomunasen.

Ante o caciquismo enxebre y-o caciquismo centralista—sendo cativos os dous—, periferibre é o primeiro.

¿Que se reformen as Deputacións? ¿Que se fagan mais sinxelas? Pidámolo.

Pro a sua supresión, xamais.

Se oxe son feudos do caciquismo, mañán poden non selo.

O mal está n'elas, porque os malos somos nos. Són o espello d'a escravitude do noso pobo. Y-arroxar a cara importa qu'o espello n'hai por qué. Coma as nosas Deputacións son a maor parte dos nosos autamentos.

C'a mesma lóxica, pidamos a supresión dos Aumentamentos. Y-até a do Xurado y-a do sufraxio.

Non; o que temos que matare é a falla d'educación cidadana, verdadeiro e úneco orixen da doenza.

As ideas y-as organizacións non son nada siñ os homes. Leis e dereitos bós en pobos incultos y-escravos, non sinifican cousa.

Velai todo.

Agora ben: A NOSA TERRA é o boletín tribuna de cantos teñan algo que decire. O úneco dogma noso é o amor a patria gallega por riba de todo. Dentro d'esta ortodosia admitiremos cantas opinións se nos manden, sempre que non firan individualidads.

Qués non s'achen conformes c'as cousas qu'eiquí se vertan, a rebatilas.

Porque este boletín non é de Fulano ou Zutano; este boletín é de todol-os gallegos e pra todol-os gallegos. A sua dona soya: Galicia.

Os nosos brazos abertos agardan a cantos sexan patriotas. ¡Axudádenos!

Temos que reitificar—e facémolo con gusto—a pregunta do derradeiro número d'esta mesma seición, que se refiría a un catedrático d'un centro docente.

Ese catedrático, pouco fai chegado a Cruña—o de Xeografía do Instituto—, é un bõ home, cobizoso do porvir dos seus alumnos. Intelixente, ben criado, cheo d'arelas modernas, entusiasta da nosa ferra, traballa com moita fe pol-a cultura da clás na que enséña.

Pol-o mesmo é merecente do noso respecto e do noso agarimo. D'elo poidemos decarfarnos.

EL

Thermogène

Cura en una noite Resfriados, Malos de garganta, Neuralgias, Punzadas en los costados, Cólicos, Torticollis, Lumbagos, Dolores, Gota, Glática, etc.

La caja 1.75 Pesetas en todas las Farmacias.

De venta en las principales farmacias de España. Depósito en CORUÑA: E. Rey Sánchez. Agentes generales, Cebrián y C.ª Barcelona.

LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e revistas moi curiosos, antigos e modernos. Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rúa estreita de San Andrés.

O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda na Cruña, véñse as millores xoyas do arte cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concurrente a cotío.

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da Rúa Real.

CONTOS GALLEGOS

— DE —

Asieumedre

Pol-a cativa cantidá de dous reás podeades ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fáranse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUÑA. Os suscritores d'este boletín poderán adiquirilo á metade do prezo sinalado.



Compagnie Generale Transatlantique

VAPORES CORREIOS DE GRAN

VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña:

Liña de Nova York

Na primeira quincena do mes de nadal sairá d'este portó, direito pra Nova York, o vapor,

VIRGINIE

Liña da Habana e Veracrús

O 23 do mes de nadal sairá da Cruña pra Habana e Nova York, o vapor de moito andare,

LA NAVARRE

Ademite pásaxeiros de primeira (varias categorías), segunda preferencia e terceira clás e carga.

PRECIO EN TERCEIRA CLAS

A Habana, 268,60 A Veracrús, 282,60

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Liña de Francia á Nova York

Os vapores corrieos de moito andare d'esta liña, saen todol-os sábados de Burdeos, e facilitanse billetes de primeira e segunda clás.

NOTAS.—Quedan sin efecto total-as tarxas de visita, pois non se deixa entrare á bordo.

M. MIGUEL

Afinador é compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUÑA.

BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D. _____

domiciliado en _____

suscribese por _____

a A NOSA TERRA.

Firma do interesado: _____

(As suscricións de fora da Cruña teñen que se facer por trimestre, semestre ou ano.)